

20 **MÚSICA** **VIVO**

NÚMERO 2
SETEMBRO 08

NIÑO Y PISTOLA

DE LONDRES A CALIFORNIA
CON PARADA EN BAIONA

XUNTA DE GALICIA

**HIP HOP GALEGO * UXÍA * ATAQUE ESCAMPE * ZËNZAR * PROYECTO MOURENTE *
UN DÍA CON CAPITÁN FURILO * GALICIA VISITA O WOMEX * SALA CLAVICÉMBALO**

Cultur.gal: a Feira Galega das Industrias Culturais.
O espazo para amosar todos os produtos e servizos
relacionados coa cultura en Galiza.

A Coruña, Palexco, do 4 ao 7 de decembro www.culturgal.com



cultur.gal 2008





SUMARIO

- 4 SETE DE SETE**
Tres músicos falan dos seus directos favoritos
- 6 RADIOGRAFÍA HIP HOP**
Rimas desde Galicia e Suíza
- 9 O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA**
Uxía e *Ahí ven o Maio*, de Luis Emilio Batallán
- 10 DETRÁS DA CANCIÓN**
Os Ataques Escampe descubren os segredos do seu último disco
- 12 NIÑO Y PISTOLA**
Irreverentes e profundos, acaban de editar *Culebra*
- 16 A MÁQUINA DO TEMPO**
Bocixa, cantante dos Zënzar, fai balance de vinte anos nos escenarios
- 17 EN REDE**
Os grupos ao vivo... e ao pé da túa casa
- 23 TESOUROS SOTERRADOS**
Proyecto Mourente desenterra o primeiro disco de The Communards
- 24 UN DÍA CON CAPITÁN FURILO**
De tapas e de concerto con catro fenómenos do pop
- 26 OPINIÓN**
Por Salvador García Cal, da Cadena SER Vigo
- 27 A SALA**
Vinte e dous anos do Clavicémbalo lugués
- 28 GALICIA VISITA O WOMEX**
A industria do país, nun dos grandes foros musicais do mundo
- 30 TABOLEIRO**
Os concertos pasados en imaxes

AO VIVO Música é unha revista de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito en locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais
Consellaría de Cultura e Deporte
PRESIDENTA: Ánxela Bugallo Rodríguez
DIRECTOR: Miguel Martín Fernández
CONSELLO DE REDACCIÓN: Xavier Campos, Olga Nogueira, Ana Miragaya, Ana Rosales, Roberto Fernández
COORDINACIÓN: Área de Comunicación AGADIC
PRODUCCIÓN E TEXTOS: Eme2 Emoción&Arte

COLABORAN NESTE NÚMERO: Uxía, Bocixa, Carlos Valcárcel, Ataques Escampe, Salvador García Cal

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Reverso

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Logoferoz


FOTOGRAFÍAS: Janite, Gustavo Harvey, cesións de grupos e arquivo da AGADIC

Impresión: Litor
Tiraxe: 9.000 exemplares
ISSN: 1888-6191 / D.L.: C 692-2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

agadic@xunta.es / www.agadic.info
www.musicaovivo.info



FOTO: SERGIO CABANILLAS

ABE RÁBADE

PIANISTA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Curiosamente tocoume dar un antes que asistir como público. Foi coa miña irmá, María do Cebreiro, con quen formaba o dúo Nabarquela de canción infantil. Foi en 1982 en San Sadurniño, durante a primeira edición do Festival Cantareliña. Gañamos o certame e gravamos un LP. A esa e outras actuacións de moi pequeno débollas o feito de sentir o directo como algo moi natural. Como público recordo ter ido de neno coa familia a varios concertos da Universidade de Santiago (recordo un de Emilio Cao). Os primeiros concertos de jazz aos que fun eran os da escola de música Estudio, á que comecei a ir con 9 anos.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Como pianista (non como cantante infantil, hehe), xa nas primeiras jam sessions. Sentía o desexo de participar aínda non tendo o nivel. Ata que un día subín tocar, probei a sensación e ata hoxe.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Quedaría co trío de Herbie Hancock que vin no ano 91 na Coruña. Debo salientar tamén o quinteto de Kenny Wheeler (Getxo, 2000), o cuarteto de Jerry Bergonzi (Boston, 1998) e o concerto Remembering Bud Powell de Chick Corea (Boston, 1997).

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Encantárame ter visto o cuarteto clásico de John Coltrane, con McCoy Tyner, Jimmy Garrison e Elvin Jones, no Village Vanguard nos anos 60; tamén o quinteto de Miles Davis desa mesma época, con Wayne Shorter ou Steve Coleman, Herbie Hancock, Ron Carter e Tony Williams, ou o trío de Bill Evans con Scott LaFaro e Paul Motian. Se puidésemos viaxar no tempo aínda máis, desvería por ver a J.S. Bach!

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Xa fixen certas incorporacións escénicas, como usar proxecións de fotos clásicas e mesmo un pintor en escena (Deli Sánchez nos directos do meu último traballo, *Open Doors*). Gústame que haxa algo especial nos concertos sen esquecer, claro, que a música é o máis importante.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

A homenaxe a Carlos Asorey, o dono do Dado Dadá [mítica sala de jazz compostelá] recentemente finado, o pasado 18 de maio. Foi moita xente que leva facendo jam sessions alí cada martes, como Pablo Castaño, Toño Otero, Álvaro Vieito, Xavier "GdJazz" Pereiro, Juansi Santomé ou Max Gómez. Tamén o directo de Getxo no ano 2000, que gañou o segundo premio no Concurso Internacional de Grupos, con Paco Charlín e Ramón Ángel. Nunca volveu gañar ningún premio un grupo do Estado español. Ademais, no apartado de 'país de procedencia' quixen que constase Galiza, feito que respectaron e do que me sinto orgulloso.

7 Cal foi a máis desastrosa?

Sen dúbida ningunha, un concerto nun local de latin-jazz de Boston, o Sophia's, no ano 97. Era un concerto a trío con piano, baixo e percusión. O baixista deixounos tirados e alí quedou o Rábade cun congueiro de Porto Rico facendo bailar un local cheo de xente. Foi un desastrón. Non houbo segundo pase...



FOTO: CARMENDOR.COM

CARMEN DOR

CANTANTE

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Un de Duncan Dhu en Santa Isabel (Compostela), cando eu tiña 14 anos. Fora coa miña irmá maior. Impresionoume moito a forza que sentín na música con respecto ao que se escoitaba na radio, bailei moitísimo.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Realmente decidino antes de ir a concertos. Eu xa cantaba no colexio, e foi máis ben a partir de actuar eu diante doutra xente.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

A primeira vez que vin a Dulce Pontes, no Palacio de Congresos de Santiago, no 1997 ou 1998. Eu cantaba co grupo Mugardos. A voz de Dulce Pontes emocionoume moito, definiu o meu estilo. Logo tamén me gustou moito un de Anthony and the Johnsons na Quintana de Compostela, e calquera dos que lle fun a Santiago Auserón; esquezo o mundo escoitándoo cantar.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Gustárame ter escoitado a Ma-

ría Callas en vivo, ou senón a Janis Joplin.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Por falta de presuposto, ter arranxos cunha orquestra sinfónica. E logo atreverme algo máis, bailar máis, tirarme ao chan se fai falta, non ter en conta os xuízos da xente e ser máis auténtica, aínda que iso vouno conseguindo cada vez máis.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

A primeira na que fun solista, co grupo Mugardos, con Héctor Lorenzo e Javier Mugardos no Dado Dadá (Compostela) en outubro de 1996. Estaba case mareada, diante da familia e dos amigos, pero una vez dentro gustoume, enganchoume e non quería marchar! Sentíame como un peixe na auga.

7 Cal foi a máis desastrosa?

A peor foi unha vez que fun de convidada a un festival de jazz na Coruña para cantar uns temas de Duke Ellington cunha big band. Non escoitaba a miña voz por monitores, e, aínda que non me criticaron moito, paseino fatal, quedei bloqueada. Estiven todo o día seguinte ás escuras!



FOTO: JUGOPLASTIKA

PABLO NAVARRO

CANTANTE DE JUGOPLASTIKA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Creo que un de Mecano, cos meus pais. Pero o primeiro que escollin eu foi dos Ramones.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Sen dúbida foi despois de ver a Nirvana no Hollywood Rock, en Río de Xaneiro.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Un de Dinosaur Jr. en Nova York, polo repertorio e pola cidade; e outro de The Cure en Santiago, polo tremendo son e polo lugar. Moitas veces os concertos son estados de ánimo, e nestes dous paseino en grande.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Claramente a un dos Beatles, dáme pena non ter vivido esa época. E o concerto ao que máis rabia me deu non poder ter ido foi un de Pavement, por culpa da tormenta; xa tiña a entrada e estaba no recinto, pero suspendeuse.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?


Montar o meu propio festival e poder compartir cartel cos grupos que máis admiro.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

En Pula, unha cidade de Croacia, onde nos fixeron sentir como auténticos ídolos.

7 Cal foi a máis desastrosa?

Esa seguro que está por chegar!



**UNHA CORRENTE SEMIOCULTA PERCORRE A ESCENA
MUSICAL GALEGA CADA VEZ CON MÁIS FORZA:
OS RAPEIROS TOMAN A PALABRA**



(1): MALANDROMEDA / FOTO: IDNESPHEREIRA(COH3); (2): PACO, DE MAFIA GALEGA; (3): DIOS KE TE CREW; (4): OS TRASNOS DE MOSCOSO



'A ESCENA GALEGA TEN UN NIVEL TÉCNICO DE FLIPAR, E, AÍNDÁ QUE PAREZA QUE CADA UN ESTÁ NA SÚA BURBULLA, HAI UNIÓN'



ucias de grupos e de páxinas web, programas de radio, colectivos de artistas e deseñadores, colaboracións cruzadas continuas, moitas ganas de facer cousas e poucas de queixarse sen obxectivo. Os rapeiros galegos funcionan sen parar en multitude de fronteiras, sen chegar a facerse todo o visibles que, por nivel de actividade, merecerían. Aínda que a eles non lles pareza importar demasiado.

“Ao mellor son os medios de comunicación convencionais os que non teñen repercusión”, apunta Hevi, un dos factótums do hip hop do país. É raro o grupo no que el non participe ao micro, con música, apoio moral ou o que sexa. Entre os proxectos nos que anda metido en maior ou menor medida están Malandrómeda, Nonresidentz, Fodi e Barbacona, Caldeirada ou Juanito Broders.

Ao seu xuízo, por aquí “hai xente moi boa que logo non ten sitios para tocar. A escena galega ten un nivel técnico de flipar, e, aínda que pareza que cada un está na súa burbulla, hai unión”, di Hevi.

“O que vexo é cada vez máis xente metida e algúns grupos que están facendo mo-

vidas moi chulas e diferentes ao que podes escoitar no resto do Estado”, destaca Malvares, dos Trasnós de Moscoso, uns dos últimos en incorporarse á escena do rap en galego. Cada un dos consultados cita de carreira unha boa lista de colectivos, radios e páxinas na Internet, persoas máis ou menos illadas traballando polo hip hop, un listado case inacabable que se move subterráneo, sen repercusión masiva e, quizá, sen gana de tela: semioculta como está, a do hip hop é unha escena forte que se retroalimenta.

“Para nós o máis próximo é a familia do Temazo.org, os Dios Ke Te Crew e as baterías saltadeiras de Mou, Rohe de Nohaipe, Rack Eterno, o Gran Purismo, Samesugas, The Lorchas e sobre todo Acero Templado”, relata Hevi. O galego suízo Paco, de Mafia Gallega, cita pola súa parte os “Juanito Broders, todos os grupos e proxectos do Hevi, como Caldeirada, Malandrómeda ou Fodi e Barbacona, e calquera dos que aparecen na nosa web”. Para os Trasnós de Moscoso, Malandrómeda e Dios Ke Te Crew tamén son referentes indiscutibles, xunto con outros nomes como “Delahojá, Rack Eterno, Drum Drama, Glizerine, BPM...”. Aínda

que hai moitos nomes que se repiten, a lista é inacabable.

Para eles, a creación non remata no musical. Na mesma lonxitude de onda móvense colectivos que se dedican ao grafiti, o deseño, a creación de webs ou a produción de programas de radio, algúns locais e outros virtuais. Entre eles hai algún tan curioso como La Caraba, ata hai pouco radicado en Radio Voz, no que algúns dos mellores MC escribían unha canción por semana sobre un tema predeterminado. “Aí víase quen estaba lixeiro e quen non”, ri Hevi, apuntando dalgún xeito esa competitividade tan propia do hip hop e aparentemente tan rara dentro dos grupos galegos.

“O rap chegou a Galicia hai anos e non se vai, di Malvares, dos Trasnós de Moscoso; é a hostia xogar coas palabras sobre esta música cargada de negritude”. Para o seu compañeiro de filas Che “o rap en castelán goza de maior saúde, nós estamos en lista de espera”, aínda que “grazas aos novos medios portátiles, esta música engancha coa xente nova pola súa inmediatez”. Algunha débeda que lle quede por pagar ao hip hop galego? “Desde logo, que faltan mulleres facendo rap”, sentencia Hevi.

PEQUENA GUÍA PARA COÑECER O HIP HOP GALEGO

Estas son algunhas das pistas que os rapeiros lle dan a quen queira descubrir a escena.

myspace.com/diosketecrew: os Dios Ke Te Crew están, indiscutiblemente, entre o máis grande do rap do país. De Ordes á Habana, rimas en galego e activismo en todas as fronteas.



www.temazo.org: o gran portal do hip hop feito en Galicia. Desde a súa portada pódese acceder ás webs de grupos como Malandrómeda, Nonresidentz ou Juanito Broders, e a descargas de todo o que se move dentro da escena.



www.licorkafe.com: porta de entrada ao hip hop vigués, con El Puto Coke como abandeirado e artistas como a moañesa Woyza entre as pistas a seguir.



www.mafiagallega.com: a estrada de conexión entre o rap galego e suízo, da man de Paco, desde Xenebra.



www.higherclub.org: a referencia radiofónica na Internet. Desde aquí poden escoitarse programas como Higher Street ou La Caraba.



www.conceptocirco.com: deseño urbano e grafiti desde as rúas de Lugo.



MAFIA GALLEGA, A CONEXIÓN SUÍZA

“En Galicia aínda se poden atopar grupos con moita frescura. Juanito Broders sacaron un tema titulado ‘Churrasco’; a ver cando un grupo suízo grava outro sobre a *fondue* de queixo”, di Paco, a alma do proxecto Mafia Gallega. Desde Xenebra (Suíza), é a voz dos emigrantes galegos de segunda xeración que aman o rap e botan de menos o país no que naceron os seus pais.

E non é o único: Gran Purismo (o seu tema ‘Pardeconde’, no que narra as súas andanzas de neno na aldea da familia, tivo a súa repercusión este ano nas ondas galegas), Juanito Broders, Xoko Suízo, Malandrómeda, Puto Coke ou Furnier son algúns dos artistas galegos de aquí e da diáspora que colaboran no proxecto que ideou Paco. “Se andas un par de horas por Xenebra darástede conta de que hai moita xente que fala galego. Os emigrantes de primeira xeración senten morriña, e nós tamén”, explica.

Mafia Gallega naceu como grupo hai dez anos –“o noso primeiro tema chamábase ‘Bad

boys de Ferrol’”, explica-, e foise integrando na escena hip hop xenebrina ata montar un estudo de gravación e unha web, www.mafiagallega.com. “Nunha viaxe a Galicia, no 2002, coñecín varios grupos de Santiago, e decidín cambiar o concepto da web para que fose máis que unha plataforma de promoción para o meu grupo. Así naceu a idea da ‘diáspora’, de agrupar e poñer en contacto a todos os artistas galegos perdidos nalgún lugar do planeta. Internet é estupendo para compartir paixóns e crear amizades, e non só para baixar porno”, comenta Paco.

“A ver se algún día podemos sacar un disco cos mellores temas dos grupos que participan na web”, di Paco, que neste momento anda a promover unha compilación de rap suízo, *HHCH Vol.1*, editado polo seu selo, Faya Records, e no que participan tanto Mafia Gallega como Gran Purismo. O outro soño do que fala é igual de evidente que o da colaboración discográfica: “Quen sabe, estaría ben organizar un festival cos grupos da web”. Estaría, estaría...

O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

Por Uxía

Luis Emilio Batallán | 'Ahí ven o Maio'



FOTO: WWW.UXIANET

Escoitei *Ahí ven o Maio* de Luis Emilio Batallán cando andaba eu coa guitarra ás costas cantando a Silvio ou aos Beatles. Por intuición tamén musicaba os versos de Rosalía ou de Celso Emilio. Cando chegou ás miñas mans en vinilo aprendín todas e cada unha das cancións deste traballo que debiera ser o disco de cabeceira nos fogares galegos de antes e de agora.

Deixei levar polas fermosas melodías e pola contundencia dos textos que este home escolleu para darnos a coñecer unha escolma da mellor poesía galega a través da súa voz doce e trémula. Entendín que o noso idioma tiña moitos recursos e que casaba ben co blues e coas baladas folk. Eran tempos de aprendizaxe e de apertura á vida. Non podía eu entender a canción sen un certo compro-

miso social ou ben cunha estética musical que me roubase o corazón. 'O vello e o sapo' gravouse a lume na memoria, e 'Quen poidera namorala' do gran Cunqueiro, a Rosalía satírica, o Celso Emilio combativo de 'Notas necrolóxicas'.

Notábanse as influencias do folk pop do noso cantautor, e a min parecía escoitar a Dylan ou James Taylor cantando a Curros ou a Cabanillas nunha cadencia de blues. A min este traballo paréceme unha xenialidade, conforma un ramal de cancións redondas e que forman parte da miña memoria afectiva. Sabería recoñecer unha canción cando soa o primeiro acorde, emocionome cando o volvo estoitar. Hai pouco puiden participar nunha homenaxe a Curros e tiveron a idea de facer unha versión de 'Ahí ven o Maio' que me estremeceu cando a interpretei, ao igual que os ollos se me encheron de bágoas can-

do a escoitei na voz de Milanés. Pero nada me fixo máis feliz que cantar ante milleiros de almas en Ortigueira, xunto a Concha Buika, 'Quen poidera namorala' nunha versión máis roqueira que coreou todo o público demostrando unha vez máis o popular e interiorizado que está este traballo entre os galegos e as galegas. Calquera aproximación é boa se as cancións voan por si soas e este disco pasou de xeración en xeración e pasou a proba do paso do tempo. Un clásico, vaia...

UXÍA, UNHA DAS CANTANTES MÁIS DESTACADAS DA ESCENA GALEGA DOS ÚLTIMOS VINTE ANOS, ACABA DE PUBLICAR 'ETERNO NAVEGAR', UN DISCO GRAVADO EN SINTRA (LISBOA) POR UNHA ARTISTA QUE NAVEGA AO SABOR DAS ONDAS DUN MAR QUE APROXIMA E UNE CORRENTES. MÁIS INFORMACIÓN EN WWW.UXIANET





Hora de confesar

Os **Ataque Escampe**, os apóstolos do rock de serie B e das letras retranqueiras, explican (ou quizá non) de que tratan tres dos temas do seu disco *Galicia es una mierda*

I Hora de pechar (Canción para pechar o Ruta)

Despois de vermos aquel filme onde as virxes se suicidaban virxes, exploramos a tristura dun tema soul cheo de veas abertas e negritude en vexada. Gustounos o xeito no que a amargura se autodeterminaba musicoloxía, como a épica da experiencia avivaba a chuvia como o mellor final para unha road movie cantada con catro brazos.

Ao que compuxo a música non lle quedou outra que facerse o brando e saíulle a melodía máis clásica de toda a historia do rock de serie B. A guitarra soñouse boa comunicadora e apareceu a Gymnopédie máis famosa de Erik Satie, e de aí o clasicismo, e de aí o dadá. Pero o murmurio acuático do pianista morreu onde nacía a resaca de Lou Reed, un domingo pola mañá, o día perfecto para acabarnos de matar.

Tamén nos visitaron os espectros 'I'm a creep' de Thom Yorke e Andrés do Barro, con incógnitas que xamais desvelaremos. Logo houbo que poñerlle letra e foi coa soidade dunha noite de verán, calembúrica e embebedada de fracaso, nun lugar escuro entre a AP-9 e as campás.

O título é unha fachenda que nos permitimos mentres non nos deixen entrar gratis.

Hoxe todo segue igual. Nunca poñen a canción para pechar o Ruta e seguimos pechando os ollos coas mans, cos dentes e coas unllas; aínda que agora nos obriguen a facelo dúas horas antes das oito da mañá.

II Hora de chamar (Arredor da cuestión nacional)

Que sería do rock sen as cancións alleas que un intenta sacar e como non lle saen



acaban transformadas en temas propios. Na xénese desta aparece Clint Eastwood como cantante country cando o country non estaba á moda e vémolos morrer de tuberculose nun estudo de gravación supomos que de Nashville. Tos como balas.

Johnny Cash vivía aínda (iluminado polo Noso Señor) e non sabiamos nós daquela da moda do country: eramos simples afeccionados aos westerns, ao bourbon e ás cancións nos porches das casas sobre o amor rudo dos homes duros.

Porén non podiamos permitirnollos unha casa con porche e o máis parecido que coñeciamos era un piso en Pelamios que nos sentía chegar polas mañás ao seu calor. A letra explicou a nosa épica daqueles tempos: o alcol, o sexo e o medo ás chamadas telefónicas. Foi a primeira vez que Ataque Escampe experimentaba coas letras colectivas e descubrimos con agrado como a introdución dun único verso ("arredor da cuestión nacional"), tirado do título dun libro de Alain Badiou, mudaba toda a interpretación da canción e construíu un edificio delirante do que xermolou esa relación sadomasoquista que temos hoxe co país, co noso e mais con aqueloutro.

Para que a contradición non acabe nun-

ca, nos directos a canción dexenera nun rockabilly de garaxe do que sempre saímos coa boca seca como eses horizontes de Tennessee ou como a pel do rostro despois dunha adolescencia difícil.

III Hora de bailar (I'm not your man)

Xa non lembramos como apareceu a música. Acompañounos durante moito tempo e era demasiado difícil para tocar en directo. A primeira versión é de hai mil anos, chamábase 'Tes un cu' e desbotámola por patriarcal (se ben a intención era boa).

Algúns séculos máis tarde a canción chamouse 'Mundo meu' e desta vez era extremadamente pedante (se ben a intención seguía a ser boa). O noso cantante odiaba con razón esta variante porque o obrigaba a prolongar a sílaba "mu" e a celebrar sen o querer o costumismo por falar na lingua das vacas. Cando estas versións estaban case esquecidas apareceu 'I'm not your man'. Nós medraramos, licenciáramonos e mesmo nos caera parte do pelo, e desta vez a intención non podía ser senón mala, por iso a todos nos gustou xa á primeira.

Trouxemos unha tuba, un violín desafiado, unha caixa e uns coros duddá que lle plaxiamos a Neil Young e saíu o que hoxe hai. Tamén trouxemos a Manuel Lourenzo en gravación e por desgraza non se lle entende nada.

Despois discutimos moito por un verso, "preparo a fuxida detrás do coñac", o que demostra BEN que en Ataque Escampe temos moito, moitísimo tempo libre.

A canción flúe como un río con collóns e pene. O título está terxiversado do Leonard Cohen dos 80 e a voz narrativa podería ser a do teu pai.

NYYP

Niño y pistola

MELODÍAS PERFECTAS E LETRAS AMARGAS EN 'CULEBRA',
UN DOS GRANDES DISCOS DO 2008

FOTOGRAFÍAS de JANITE



N

ño y Pistola son irreverentes en todo menos nunha cousa: as súas cancións. Os once temas de *Culebra* (Astro, 2008), o seu último disco, van totalmente en serio: o grupo de Baiona pasou o seu son acústico polo verniz do rock ácido dos sesenta, agreeu as letras e medrou musicalmente, mantendo a sinxeleza. Porque, como din citando a Robert Smith, dos The Cure, aínda que un faga cancións tristes non ten que vivir na casa coas persianas baixadas, despeiteado todo o día.

En que cambiou o son de NYP con respecto a *Como un maldito guisante*?

Moncho: Medramos un pouco no que respecta ao son: por fin estreamos bombo, engadimos arranxos de guitarras eléctricas e teclados.

Quique: En xeral, é un son máis contundente, máis rock e menos pop.

Manolito: E sobre todo máis cargado de bombo.

O traballo das voces é alucinante...

Quique: A verdade é que Arturo Vaquero [produtor de *Culebra*] ten un aparello que lle dá a un botón e de repente tes o Orfeón Donostiarra facéndoche coros.

Álvaro: As voces son fundamentais. Podes ter un guitarrista virtuoso ou un batería que pareza un polbo, pero o que se

transmite coas voces chega de forma moito máis directa e a máis xente.

Pese a que vos identifican moito cos Beatles e de que lles facedes algunha chiscadela máis ou menos evidente ('Mulberry fields', 'Gone to Liverpool'...), o disco soa máis a California no final dos sesenta.

Manolito: O certo é que dende o principio a idea era a de facer un disco máis americano ca británico, e tirar o que se puidese cara á época dourada de California, digamos dende o ano 67 até o 72. Os grupos que máis escoitei mentres as cancións se cocían era os Jefferson Airplane, os Doors, os Grateful Dead, os Byrds, CSNY, Buffalo Springfield... Iso si, tamén hai esas chiscadelas aos Beatles, sobre todo a George Harrison: sitares, temas de base psicodélica como 'Science of sleep'...

Dades imaxe de xente alegre e bastante irreverente, pero a maior parte das vosas letras son tirando a tristes. É certo?

Quique: Escoitando a Rufus Wainwright cabería pensar tamén que é un suicida en potencia, pero o outro día, no concerto que deu en Santiago, no Auditorio de Galicia, entre canción e canción ao tío só lle faltou erguerse e poñerse a imitar a Chiquito de la Calzada.

Manolito: Un amigo ao saír díxome que Rufus Wainwright era moi Niño y Pistola en concerto...

"A IDEA ERA FACER UN DISCO MÁIS AMERICANO CA BRITÁNICO, E TIRAR O QUE SE PUIDESE CARA Á ÉPOCA DOURADA DE CALIFORNIA"



Como é o proceso creativo en NYP? Como se cocen as cancións?

Quique: En ola exprés. Manolito encárgase da carne, e o resto botámoslle as patacas, a cebola e o *avecrén*.

Manolito: Eu levo a base da canción, a estrutura, unha melodía previa e un par de ideas sobre a atmosfera, e no ensaio imos desenvolvendo a canción. Ás veces vai cara a onde pensara nun principio, pero outras veces colle o seu propio camiño.

Álvaro: Eu creo que o Manolito as compra en eBay e logo di que son súas.

Co Guisante tivestes ocasión de xirar por todo o Estado. Cales son as vantaxes e as inconveniencias de facer música desde Galicia? Hai que mudarse a Madrid para triunfar?

Quique: Mudarse á capital é algo que chegado o momento parece que se fai necesario. Algúns como Xoel [de Deluxe] xa o fixeron, pero está claro que están a outro nivel mediático. Nós andamos aínda lonxe desa posibilidade. “La ciudad no es para mí”, que dicía Paco Martínez Soria.

Álvaro: Axuda moito. Un grupo de pop ou de rock pode xurdir en calquera vila, pero para consolidarse hai que estar preto da industria, aí están os contactos, os medios.

Manolito: O que se fai neses sitios ten repercusión estatal, e o que facemos dende Galicia ten repercusión rexional... O certo é que a música sofre unha centralización bastante forte, e se cadra en Galicia pecamos dunha certa endogamia cultural que non nos deixa saír.

Sendo como sodes un dos grupos galegos con máis predicamento fóra, como vedes o de vivir da música? Mirade que agora que levades bombo teredes que ampliar o vehículo...

Manolito: Xa, é unha das cousas nas que non pensamos cando fixemos medrar a batería. Hai pouco que fomos tocar a Barcelona, e foi un verdadeiro inferno cambiar o avión-cómodo-e-rápido-Guisante pola furgo-suada-doce horas-Culebra...

Quique: Chegar a vivir da música é algo no que non pensamos. Se de repente nos tocan coa variña máxica e alguén decide que Niño y Pistola é o novo grupo definitivo pois estupendo, pero é mellor non obsesionarse. Por agora conformámonos con sacar o xusto para gasolina, copas, traxes de Armani, xoias, un chalé e o iate.

Moncho: Chéganos con pensar en como combinar todo isto co resto sen arruinar as nosas vidas.

Como vedes o panorama da música en Galicia? Que cousas vos gustan, que grupos escoitades, que cousas credes que hai que mellorar?

Quique: 6pm, Sevigny, Boy Elliott, The Homens, Meu, Igloo, Triángulo de Amor Bizarro... Se ledes isto non esquezades nomearnos nas vosas entrevistas! A cousa está bastante ben, tanto en cantidade como en calidade. Por parte das institucións promovéronse unha serie de iniciativas bastante interesantes, como as axudas do IGAEM a grupos e salas en Galicia, pero neste sentido sempre se pode mellorar. Deberíase impulsar algún tipo de medida para axudarlles a estes grupos a darse a coñecer fóra de Galicia, porque é aí onde comeza o realmente difícil.

Manolito: O máis importante é non pecharnos en nós mesmos e tentar que Galicia sexa unha potencia estatal. Ter unha radio feita aquí que se escoite en toda a Península ou unha revista que se distribúa máis aló da Gudiña sería un bo comezo.

Álvaro: O panorama musical galego

“CHEGAR A VIVIR DA MÚSICA É ALGO NO QUE NON PENSAMOS. (...) É MELLOR NON OBSESIONARSE. POR AGORA CONFORMÁMONOS CON SACAR O XUSTO PARA GASOLINA, COPAS, TRAXES DE ARMANI, XOIAS, UN CHALÉ E O IATE”





MANOLITO: “EU LEVO A BASE DA CANCIÓN, E NO ENSAIO IMOS DESENVOLVÉNDOLA. ÁS VECES VAI CARA A ONDE PENSARA NUN PRINCIPIO, PERO OUTRAS VECES COLLE O SEU PROPIO CAMIÑO”

ÁLVARO: “EU CREO QUE O MANOLITO AS COMPRA EN EBAY E LOGO DI QUE SON SÚAS”

está no seu mellor nivel histórico. Esta situación é consecuencia, en gran medida, da gratuidade da música gravada. A cultura musical multiplicouse por cen e iso provoca que a xente teña ganas de tocar e de asistir a concertos. Se consultas as axendas das fins de semana é alucinante, hai unha morea de salas, festivais e bandas, galegas, españolas ou estranxeiras. Hai dez anos era inimaxinable.

Que é o que máis vos gusta do directo, o que vos fai seguir papando quilómetros nas xiras?

Quique: Gústame cando minutos antes de saír escoitamos dende o camerino como miles de persoas corean “niñooy-pisttooolaaaa... niñoypistola”; esa tormenta de flashes ao saírmos ao escenario; esas mozas subidas a ombros dos seus mozos *con las bragas en la mano*; lipotimias; avalanchas... e, de súpeto, ti ti ti ti, soa o espertador.

Moncho: O mellor do directo é o reto que supón facer soar as cancións do disco en calquera parte e ver que a xente move a cabeza e incluso o pé.

Álvaro: Sempre que tocas en directo recuperas unha sensación que é difícil experimentar noutras circunstancias. Podes chegar escarallado dunha viaxe de nove horas pero ao comezar a tocar é como: “Coño, isto está de puta madre”.

Manolito: Á parte disto, un concerto é algo raro, porque nun principio semella xente tocando e xente escoitando ou mirando, pero a suma total é maior que iso, aparece unha sinerxía que non é doado atopar en *calcures*. Por certo, *calcures* é unha palabra que inventei e estou a promover. É da mesma familia que ningures e algures. *Calcures* significa “calquera lugar”.

MAIS INFORMACIÓN EN WWW.YPISTOLA.COM

A MÁQUINA DO TEMPO

BOCIXA

VOCALISTA DE ZËNZAR



“Comecei nisto do rock cos Mördor. Eramos os mesmos que os Zënzar, pero con outro nome. Eu vivía nunha aldea e nunca me ligara ao mundo do rock. Os que imos cerca dos 40 anos medramos nun ambiente musical propiciado por Radio Nacional de España, ben se entende: de neno cantaba coplas nas mallas e nas festas. Xa na adolescencia, botándolle o ‘Pacto entre caballeros’ de Sabina coa orquestra Foliada, os roqueiros dixeron: ese é o noso cantante”.

“Ao principio era algo impulsivo, pouco reflexionado e sen pretensión ningunha. Logo foi unha actitude de ir á contra, de ser todo o que nosa nai non quería que fósemos. Gustábanos aquilo de sexo, drogas e rock and roll. Pouco a pouco fomos mudando cara a unha actitude máis comprometida co noso, co propio, coa lingua, co país, falando do noso mundo, do rural, das mulleres, do poder. O rural sempre foi moi activo pero parece que finalmente só se ve o que se fai nas cidades porque nas cidades é onde se asenta o poder”.

“Cando demos o primeiro

concerto, no 1989, foi todo un acontecemento na comarca. O bar Non Sei botaba por fóra. Era novidade. Hoxe hai centos de bandas que tocan, hai variedade, hai máis medios. Non é que sexa marabilloso, pero sempre cremos que a nosa situación é a peor e non é certo. Hai unha edición de traballos con moito nivel. O problema é o mercado: o galego ten que saír ao resto do Estado español e á lusofonía, abrir cancelas para que unha boa parte do sector se profesionalice.

Coa saída do PP do goberno abriuse un pouco a Radio Galega á música; antes non se sabía nada dun grupo coma o noso, non existiamos nos medios públicos. A TVG aínda nos marxina hoxe. Estanse dando pasos positivos para a cultura en xeral: parece que saímos lentamente dun réxime”.

“Recordo un concerto moi especial, o primeiro na Silva, en Cerceda. Foi un subidón: a xente xiringábase con champaña, estaba sobreexcitada e contenta. Fisterra, Malpica, Cerceda, Moaña... Os anos noventa tiveron unha forza especial”.

“Tocar para a xente garánteche que che pasen as cousas máis raras e simpáticas, desde ver como o escenario pode romper porque subiron nel cincuenta persoas a brincar ata que o responsable de son che corte porque di que está até o cu de tanto rock”.

“O noso último disco entroulle a moita máis xente. A min é o que máis me gusta. Os directos de agora van con máis fluidez e as pezas teñen arranxos que me fan sentir mellor. Seguimos traballando nesa liña”.

“Nunca pensamos en deixa-

lo. Cando precisamos dun descanso, fixémoslo, e regresamos con ganas. Sempre hai noites desas en que todo sae mal e te queimas un pouco, pero aos tres días xa estás no local con forza. O noso combustible é enerxía de vivir. Agora xa non nos propulsamos tanto con sustancias prohibidas. Agora o rock é algo que vivo e gozo en grupo cos meus compañeiros. Somos unha piña. Con total confianza falamos e decidimos. Hai entendemento, e iso é o que ao final serve. Tocamos para a nosa xente, con respecto, e divírtenos. Sería complicado resistir vinte anos nas condicións que o fixemos se non hai moi bo *rollo*. Somos uns repugnantes e entendémonos, entre nós e con moitas bandas amigas, como Ruxe Ruxe, cos que se coincidimos sempre hai mestura. No rock tamén aprecio moito individualismo, pero éche o que hai”.

JOSÉ A. BOCIXA É VOCALISTA DO GRUPO DE CERCEDA ZËNZAR. O SEU ÚLTIMO DISCO É ‘SIGUE... E DÁLLE’.

EN REDE

Máis de oitenta grupos e cerca de 600 actuacións conforman este ano a Rede Galega de Música ao Vivo, unha mostra do que se está a cocer nos distintos estilos musicais que se practican no país. Os que seguen son os artistas e as bandas integradas nesta programación da AGA-DIC e Clubtura. Para confirmar datas e horarios dos concertos pódese visitar a web www.musicaovivo.info.

A TUNA RASTAFARI

Descarga de enerxía e auténtico derroche na posta en escena, A TUNA RASTAFARI son un comando de dez mozos co espectáculo, a troula e a festa rachada por bandeira. Da canción popular galega ao corrido mexicano, levan todo o verán percorrendo escenarios.

AGUARDIENTE SWING QUARTET

Tres guitarras acústicas, contra-baixo e voz para recrear á perfección o ambiente dos antigos clubs de jazz, AGUARDIENTE SWING QUARTET pasean por Galicia a súa estética de gángsters da música.

www.aguardienteswing.com



BRUNO T. FORD

ALBERTO PÉREZ

ALBERTO PÉREZ foi compañeiro de Joaquín Sabina e Javier Krahe nos míticos La Mandrágora, aquel grupo que rompeu moldes musicais e literarios, e máis tarde colaborador televisivo de sona e músico polifacético coma poucos. Agora leva a súa canción de autor polos lugares máis escondidos.

ALEGALES

Herdeiros dos grupos españois dos oitenta, ALEGALES atacan o rock sen complexos, facendo versións en galego do mítico grupo asturiano Ilegales.

ÁLVARO MURAS

ÁLVARO MURAS presta a súa habilidade co baixo eléctrico para facer música de estilo funk fusión instrumental, nun proxecto diferente e orixinal.

www.alvaromuras.com

ÁLVARO VIEITO TRÍO

Nos concertos de ÁLVARO VIEITO, os discursos musicais e a interacción entre os músicos fan que se produzan verdadeiras conversacións musicais e un acontecemento creativo único.

myspace.com/alvarovieito

ATAQUE ESCAMPE

ATAQUE ESCAMPE gustan de

se definir como rock de serie B porque parten dos medios e situacións máis precarios para ofrecer unha proposta musical que trata de ser sólida e autónoma. O seu último disco, *Galicia es una mierda*, xa é un clásico.

ataqueescampe.blogspot.com

AVELAÍÑA

AVELAÍÑA é un grupo pontevedrés que traballa dentro da liña do folk, o rock e as novas músicas. Está formado por sete músicos, e a súa mellor arma é o directo.

www.avelaina.com

BALAKANDRA

O grupo de folk de San Sadurni naceu no 2004 para fusionar diversas inxedanzas. Nas súas cancións, a música tradicional galega mestúrase con rock, pop, bluegrass, blues, chachachá, country ou ritmos balcánicos.

myspace.com/balakandra



ALEGALES



BRUNO T. FORD

Concerto acústico a base de temas propios e clásicos do rock and roll e o country a cargo de BRUNO T. FORD, o líder da banda alemá Río Bravo.

BUKOWSKI BLUES TRIO?

Fan blues? Son un trío? O repertorio de BUKOWSKI BLUES TRIO? inclúe versións de Hendrix, Cream, Stevie Ray Vaughan ou Ray Charles, e soa sen descanso por toda Galicia.

www.bukowskitrio.com

CAPITÁN FURILO

CAPITÁN FURILO son un grupo de históricos do rock en galego que presentan agora o seu novo disco, baixo influencias que van dos Resentidos aos clásicos Rolling Stones pasando por Inmaculate Fools ou os míticos O Caímán do Río Tea.

myspace.com/capitanfurilo

CARLOS CHILDE

Influenciado principalmente polo blues tradicional e o swing, CARLOS CHILDE segue percorrendo coa súa proposta salas e pubs de todo o país.

www.carloschilde.com

CARLOS LÓPEZ QUARTET

O cuarteto que comanda o batería galego CARLOS LÓPEZ sorprende pola destreza e imaxinación dos seus membros, dos que cabe destacar a súa xuventude. O seu jazz de autor puliuse en escolas tan prestixiosas como a Berklee de Boston.

www.carloslopez.info

CARMEN DOR

Interpretación dos temas dos discos da cantante CARMEN DOR e algunha versión dos seus temas favoritos dentro da música galega e portuguesa.

www.carmendor.com

COANHADEIRA

COANHADEIRA ofrecen música en galego entre a tradición e as escollas máis persoais.

www.coanhadeira.com

COLECTIVOORUGA

O que comezara sendo un proxecto exclusivamente musical mutou nunha sorte de grupo con intención artística que non só utiliza o son para expresarse. Isto vese reflectido en *Ricos modernos*, o disco que COLECTIVOORUGA está presentando.

myspace.com/colectivooruga

COOL BEAT

COOL BEAT buscan conseguir un son persoal a través da fusión de influencias afroamericanas e europeas.

CORNELIUS

CORNELIUS atópanse no medio dunha extensa xira coa que promoven o seu agardado primei-



ro disco. O funk intenso dunha das bandas do momento segue soando nos escenarios de todo o país.

myspace.com/corneliusrock

DÉTOUR

Cun repertorio de temas pro-

prios con letras en galego e melodías etiquetadas como *jazz de confianza*, DÉTOUR combinan o cabaré co pop, a sensualidade coa retransmisión e a música coa interpretación escénica.

myspace.com/detour

DÍA DE FURIA

DÍA DE FURIA fan un rock directo, pegadizo que sabe beber de moitas influencias para realizar un estilo persoal, desde hardcore e metal ao grunge ou rock alternativo.

myspace.com/diadefuria

DIEGO MASSIMINI

O arxentino DIEGO MASSIMINI interpreta cancións propias e temas da música latinoamericana desde principios dos noventa, cando comezou a traballar para distintos movementos culturais relacionados coa nova canción latinoamericana.

www.diegomassimini.com

DISMAL

Cun directo cargado de principio a fin de sentimentos que van da dor ao medo pasando pola nostalgia e o recordo, DISMAL ofrecen riffs tensos e letras

RAPOS interpretan os seus ritmos hipnóticos, letras corrosivas e sons distorsionados, fundidos no que chaman *son harapos*.

www.doctorharapos.com

DORIAN GRAY

Un estilo de música único, debido á cantidade de influencias que o forman, é o que ofrecen estes vigueses.

myspace.com/doriangrayvigo

EDU MANAZAS WHISKEY TREN

EDU MANAZAS, un dos mellores bluesman da volta, e o seu grupo recrean temas de compositores da altura de Muddy Waters, Willie Dixon, Magic Sam ou B.B. King, ademais de composicións propias.

myspace.com/edumanazaswhiskeytren

EL CUBO

EL CUBO é unha banda de rock con formación clásica que aborda outros estilos parellos como o metal e o pop rock. Todo tipo de expresión artística cabe nos seus directos.

www.elcuboweb.com

DIEGO MASSIMINI



ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS

Histórico da escena viguesa e creador incansable de pequenos hits independentes, ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS acaba de publicar un disco, *Esto que tienes delante*.

myspace.com/elodiylosseresqueridos

EMMA PLACER

Cun novo disco baixo o brazo, EMMA PLACER factura un pop



EMMA PLACER

rock moi variado, con temas propios cantados en castelán e en galego que van desde o máis melódico á implicación social.

www.emmaplacer.com

FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK BROTHERS

Un espectáculo musical no que a crítica social e a música se dan a man, un cabaré irreverente para o século XXI dos FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK BROTHERS.

www.fabulososcubatas.com

FEDERICO LECHNER TANGO & JAZZ TRÍO

FEDERICO LECHNER TANGO & JAZZ TRÍO combina dous mundos para recrear clásicos e temas orixinais con sabor.

www.federicolechner.com

FERNANDO ESCLUSA

FERNANDO ESCLUSA, guitarrista dos coruñeses Guru Deva, repasará os temas máis salientables das súas anteriores formacións, así como cancións clásicas do pop e rock anglosaxón.

GRASA

Pinceladas de funk, blues e bossa nova conforman a oferta de GRASA para os seus directos.

www.grasa.tv

GUSTAVO ALMEIDA & BRASILIAN NIGHT

Canción brasileira da man dun dos autores con máis predicamento do país.

www.gustavoalmeida.com

HEISSEL

O espectáculo psicodélico de HEISSEL pretende ser total e nel, ademais da mellor música pop, hai sitio para o teatro, as animacións e as imaxes.

www.heisselweb.com

HOLYWATER

Guitarras envolventes, acompañadas dunha potente base, melodías e unha voz capaz de afondar nos sentimentos ata emocionar conforman a aposta de HOLYWATER.

www.holywaterweb.com

HOT3 SSS

HOT3 sss afondan no hot jazz de Nova Orleáns coa trompeta, o banjo e o contrabaixo.

www.guillermolancelotti.com



FERNANDO ESCLUSA



IGLOO

IGLOO conseguiron, a base de guitarras contundentes, sons electrónicos e melodías pop cantadas en castelán, ser un dos grupos indies máis recoñecidos en todo o Estado.

www.igloo.name

IVÁN Y JOSITO

O dúo lugués composto por



oner e temas compostos por grandes como Gerswin, Mancini ou Duke Ellington.

myspace.com/jasoboo

JATO NEJRO JAZZ TRÍO

JATO NEJRO JAZZ TRÍO interpreta temas propios e estándares de jazz nos seus directos.

JUGOPLASTIKA

JUGOPLASTIKA transforman o



rock, reggae e mestizaxe, letras desenfadadas, certo ton de protesta, ritmos latinos cheos de percusión e melodías pegadizas.

myspace.com/kogito

LE PUNK

Formados a finais do ano 2000, LE PUNK viven nun mundo que cabe nun bar: demasiado fume, rímmel nos ollos, un piano negro, luces tenues, swing, tango e casticismo canalla, e piden que non lle disparen ao pianista.

www.le-punk.com

LITTLE ALBERT BOOGIE BAND

LITTLE ALBERT BOOGIE BAND parte do rhythm and blues e achega todos os seus anos de experiencia para mesturar temas propios e versións.

www.littlealbertboogieband.com

LOS CASANOVAS

Clásicos da escena viguesa, LOS CASANOVAS fan versións de rock pasadas polo seu filtro, dos Kinks aos Stones e Chuck Berry.

myspace.com/loscasanovas



LOS HIGH SIERRAS

Rock con influencias do blues e do punk, con especial coidado das harmonías vocais é o que ofrecen LOS HIGH SIERRAS.

www.loshighsierras.com

MACHINA

MACHINA empregan sempre o galego como fonte de expresión en cancións poderosas e contundentes que se poderían etiquetar como emo core.

myspace.com/machinagz

MAMA BOOGUIE

MAMA BOOGUIE queren recuperar os antigos formatos de bandas de funk ao completo, con case unha big band de músicos que perseguen o baile e a interacción dos espectadores.

www.elnautico.org/mamaboogie

MARCOS MELÉNDREZ Y GASTÓN RODRÍGUEZ TANGO BAR

MARCOS MELÉNDREZ Y GASTÓN RODRÍGUEZ TANGO BAR revisan tangos clásicos, con toda a súa forza e sinceridade.

MIKI NERVIO & THE BLUESMAKERS

Banda mítica dentro do panorama musical galego, MIKI NERVIO & THE BLUESMAKERS levan desde o ano 92 gañando a pulso o cariño, o respecto e a admiración do público.

www.mikinervio.com

MITOCONDRIAS

MITOCONDRIAS fan rock enerxético e vitamínico, cantado en galego, castelán e inglés. Interpretado co poder do trío e as



IVÁN & JOSITO combina canción protesta con letras de amor e humor.

www.ivanyjosito.com

JABÓN BLUE

Con JABÓN BLUE, o cantante de Heredeiros da Crus emprende camiño en solitario, e faino acompañado dunha banda de músicos dun nivel impresionantemente perfectamente engraxados. Rock de toda a vida, cánticos garantidos e actitude.

www.jabonblue.com

JASO & BOO JAZZ PERFORMANCE

JASO & BOO JAZZ PERFORMANCE adapta clásicos de estilo cro-

ruído en sentimentos a base de ritmos psicodélicos sólidos e guitarras afiadas. Despois de traballarse moitos escenarios, convertéronse nun dos grupos indies máis valorados en todo o Estado e parte de Europa.

myspace.com/jugoplastika

KIN GARCÍA TRÍO

Música relaxada, distendida, con composicións autobiográficas que describen o contorno natural que rodea a KIN GARCÍA, todo un clásico do jazz galego.

www.abada.es

KOGITO

KOGITO fan un variado e divertido directo repleto de ska, punk



KIN GARCÍA

melodías da harmónica de blues de Mr. Gary Kupa.
www.mitocondrias.net

MOONDOGS BLUES PARTY

A música de MOONDOGS BLUES PARTY é unha busca constante, un camiñar sen cesar, trens que se perden e amores que non volverán, o paso pola vida, pola sociedade, o sexo, o pacto co mal, a morte, a escravitude...
www.moondogsbluesparty.tk

MR. DIXIE JAZZ BAND

MR. DIXIE JAZZ BAND é una banda entregada a un estilo netamente Dixieland Chicago dos anos trinta e corenta, puro jazz de raíces afroamericanas.

NIÑO Y PISTOLA

Este pequeno gran grupo galego que só toca con guitarras acústicas é probablemente a gran sensación dos últimos tempos. Co seu novo disco, *Culebra*, recentemente editado, NIÑO Y PISTOLA pasean polo país o seu pop de arestas perfectas.
www.ypistoia.com

NORGE BATISTA

O repertorio baseado na trova



cubana de NORGE BATISTA vai da trova tradicional á nova e á novísima e inclúe varios temas propios.
www.norgebatista.com

O LEO I ARREMECÁGHONA!

O trobador punk O LEO I ARREMECÁGHONA! mestura o teatro e diversas músicas para buscar o sorriso cómplice cunhas letras moi coidadas, que fan que o público reflexione ao tempo que ri.
arremecaghona.blogspot.com

O SONORO MAXÍN

O SONORO MAXÍN parte da convicción de que a cumbia é a soberana absoluta das verbenas, a que converte o torreiro da festa nun baile tropical onde cada un manda na súa forma de danzar.
myspace.com/sonoromaxin

PACÍFICO

Toques de emo pop e letras en castelán que tentan chegar ao máis fondo, música non apta para persoas de sensibilidade reducida é o que ofrecen os vigueses PACÍFICO nas súas actuacións.
myspace.com/sonidopacifico

PEPA E DAVIDE & MADAME CELL

Dúas voces máis que temperamentais que seguen un camiño paralelo: a busca da beleza absoluta.



MIKI NERVIO AND THE BLUESMAKERS

que representan un punto de encontro e de fusión das culturas europeas coas indíxenas e as africanas.
www.renatospencer.3a2.com

ROCKERS GO TO HELL

Os experimentados músicos coruñeses que compoñen ROCKERS GO TO HELL gañaron xa unha merecida reputación como banda tributo ao frenético ritmo do rock and roll da época dourada.
www.elbeasto.com

SAMUEL LEVI

O artista vigués SAMUEL LEVI dá conta da súa canción de autor, presentando os temas que compuxo para o seu disco *Turno de noche*.
myspace.com/samuelevi

SAX MACHINE

O repertorio de SAX MACHINE está composto por un feixe de temas que abranguen un espectro tan grande como para tocar

o pop, o funk e os estándares tratados sempre desde unha óptica próxima ao jazz.

STEREOTIPOS

As cancións de STEREOTIPOS apostan polo pop rock clásico e de factura impecable, con letras melancólicas e retrouros redondos que se poden degustar e cantar.
www.stereotipos.net

SUMRRÁ

Piano, contrabaixo e batería. Con eses tres elementos e a súa increíble capacidade de improvisación, Manuel Gutiérrez, Xacobe Martínez Antelo e Lar Legido forman SUMRRÁ, un dos mellores combos de jazz do país.
www.sumrra.com

SWEET OBLIVION BAND

SWEET OBLIVION BAND son unha viaxe no tempo aos anos noventa, unha volta ao mellor grunge, lembrando a míticos

grupos daquel momento como Pearl Jam, Blind Melon ou SoundGarden.

myspace.com/sweetoblivionband

SWINGPOOL

SWINGPOOL fan temas orixinais en inglés e galego e revisitan estándares de jazz.

TANGATA

TANGATA orienta o seu repertorio polas diversas formas coas que se presenta o tango na actualidade.

THE BLOWS

The Blows están de estrea con *Upskirts* (Pupilo Records/PopStock, 2008), once temas directos e urxentes, destinados á pista de baile e ao directo máis salvaxe, que sorprenden pola súa espontaneidade e forza.

THE TURRE'S BAND

THE TURRE'S BAND contan cunha formación parecida á da fanfarra tradicional dos países balcánicos, e mesturan ventos e percusión para facer festa.

www.turresband.com



TONHITO DE POI

A historia comeza con Heredeiros da Crus, continúa despois coa Banda de Poi e agora segue adiante co incombustible TONHITO DE POI, acompañado de tres músicos ou só cunha acústica, disposto a armar a festa ata que abra o día.

deixar de lado outras influencias que lle dan o toque especial á mestura, como o soul e a música negra americana.

www.transilvanians.com

Ú-LO TRÍO?

A guitarra flamenca, xunto con algúns dos paus que compoñen este xénero, convértese no eixo que une as distintas contribucións dos tres compoñentes da banda Ú-LO TRÍO?, mestres do jazz galego.

ulotrio.blogspot.com

VETUSTA MORLA

VETUSTA MORLA queren que a formación clásica de rock non soe como tal e por iso prefiren buscarlles as voltas aos sons e ás letras, cantadas en castelán, dentro dos patróns do pop anglosaxón.

VOZES DA RÁDIO

VOZES DA RÁDIO son un quinteto vocal formado en 1991 na cidade do Porto e cunha firme traxectoria de actuacións polos países lusófonos. A música a capella, onde o humor é unha parte moi importante, centra un repertorio moi variado, que navega entre o propio e o internacional.

WE ARE BALBOA

Os madrileños WE ARE BALBOA acaban de editar o seu disco de debut a nivel internacional, titulado *Space Between Bodies*, composto por doce temas cheos do son potente e elegante das súas guitarras.

myspace.com/wearebalboa

ZËNZAR

A proposta musical dos veteranos ZËNZAR para os seus concertos do 2008 céntrase nun amplo repaso polos temas que conforman o seu extenso repertorio, baseado sobre todo no seu último traballo, o enérxico *Sigue... e dálle*, unha gravación que coroa unha das carreiras máis longas entre os grupos do país.

www.zenar.info



TON MARTÍNEZ / JACOBO DE MIGUEL DÚO

TON MARTÍNEZ-RISCO / JACOBO DE MIGUEL DÚO exploran a música de cámara jazzística nunha formación tan sinxela como particular.

TRANSILVANIANS

Devotos confesos da música tradicional xamaicana, os TRANSILVANIANS móvense entre estilos tórridos e tropicais como o ska, o rocksteady ou o reggae, sen

SUMRÁ

ZËNZAR

COMMUNARDS

Ser adolescente non adoita ser fácil, pero se por riba un é gai e vive nunha parroquia periurbana das Rías Baixas a cousa xa se complica. Afortunadamente, a televisión e sobre todo Internet ofrécenlle hoxe a calquera rapaz nesa situación multitude de respostas que o poden axudar a tirar para adiante e darse a valer. Porén, no meu caso, non tiven tanta sorte. A mediados dos anos oitenta, cando as hormonas se me revolucionaron, as referencias positivas sobre a homosexualidade nunha Pontevedra estancada e provinciana limitábanse aos libros que un podía encontrar na biblioteca municipal ou a algunha estraña película escondida no último andel dun videoclub de barrio. Fóra da Coruña, Santiago e, sobre todo, Vigo, a ocultación era a norma, o que se agravaba nuns anos nos que o VIH/sida se propagaba sen que a xente soubese aínda moi ben como e por que. Nese contexto, descubrir que un era gai implicaba angustiarse ou sentirse un enfermo: unha peste assolaba o mundo, causáran os maricóns e eu estaba a me converter nun deles. E aí foi onde apareceu o disco dos Communards e a figura do Jimmy Somerville.

Quen se lembra dos Communards ou do seu cantante ski-

nete e baixinho acostuma reter versións disco de temas como o 'Don't leave me this way' ou a peculiar maneira de bailar e cantar que ten o Somerville. Iso precisamente foi o que me levou nun principio a me interesar por ese grupo nun momento no que



The Communards

The Communards (London Records, 1985)

Por PROJECTO MOURENTE



arrasaba nas listas de éxito e nas pistas de baile de toda Europa. Pero a miña sorpresa foi tremenda ao ver, lendo artigos en diferentes xornais, que se trataba dunha comuna de artistas gays e lésbicas, politicamente moi implicados na loita contra a sida e na oposición a Margaret

Thatcher. Naquela altura, sendo de francés e sen saber nin papa de inglés, tardoume coller un dicionario para poder entender as letras daquel disco eletropop no que estaba estampada unha grande estrela soviética coas cores anarquistas. Así aprendín as miñas primeiras palabras de inglés, e encontrei a resposta a moitas preguntas en temas de mensaxes contundentes como 'Disenchanted' ou 'Headline Britain'. Descubrí, ademais, verdadeiras xoias metidas naquela proposta que fusilaba o inxenuo pop bailable británico que nos chegaba desde a factoría Stock, Aitken e Waterman. Cancións como 'You are my world', con esas trepidantes cordas, a sensualidade jazz de temas como 'Forbidden love' ou 'Lover man', a amarga protesta de 'Reprise' (dedicada á propia Thatcher) ou a xovialidade de 'Don't slip away' marcáronme para sempre, tanto musical como persoalmente, a golpe de violíns, piano, baixo e caixa de ritmos.


CARLOS VALCÁRCEL É, XUNTO COA SÚA IRMÁ IOLANDA, A ALMA DO PROJECTO MOURENTE, CREADOR DE TEMAS ROMPEPISTAS DE POP ELECTRÓNICO EN GALEGO E UN DOS LETRISTAS MÁIS LÚCIDOS DO PAÍS. ACABA DE EDITAR O SEU SEGUNDO DISCO, 'KARA.O.KE', NO SELO A REGUEIFA.

WWW.MYSPACE.COM/PROJECTOMOURENTE
WWW.AREGUEIFA.NET

UN DÍA CON:

CAPITÁN FURILO

“Tede coidado aí fóra”, dicíalles cada día Frank Furilo aos seus subordinados na comisaría de policía na que se ambientaba a serie *Canción triste de Hill Street*. O grupo que toma nome de tan insigne personaxe televisivo, Capitán Furilo, non ten medo ningún de saír fóra da casa. Veteranos de mil batallas (os seus integrantes curtíronse en grupos fundamentais dos noventa como O Caimán do Río Tea), os seus integrantes son carne de furgoneta e escenario. Veñen de editar un interesantísimo disco, *Pop?* (autoeditado, 2008), que, por moito que introduza a interrogación no seu título, é precisamente iso: melodías enerxéticas, cancións das de toda a vida, redondas e perfectas, das que se lle quedan a un pegadas no cerebro, con coros, ventos e retrousos cantables. *Ao Vivo* seguiunos ata Lugo nunha xornada de viaxe e concerto, propulsada por xamón e a complicidade de catro tipos que levan moito tempo sabendo o que é isto de ir de xira.



Proba de son no Clavi, en Lugo, un escenario clásico onde os haxa



Fender e Gibson, as claves do son Furilo



Repostando combustible na zona de viños de Lugo, minutos antes do concerto



▲ O mellor momento de todos: Capitán Furilo ao vivo!

Firmando exemplares de Pop?, o seu recente disco



▲ Fotos cos amigos e cos fans, e festa antes de recollese

OS TEMPOS SON CHEGADOS

Por Salvador García Cal

Vivimos unha nova etapa para a música galega, un punto de inflexión no que están converxendo unha serie de factores que dan pé á reflexión activa de todos os que somos partícipes. Este espazo é froito tamén dos novos tempos nos que a cultura musical deste país está inmerso. Son dos que penso que temos o que merecemos; neste, como por desgraza no resto de ámbitos, vivimos uns últimos 25 anos dunha falta de cultura musical e empresarial que provocou unha ausencia de vertebración que garantise o apoio e promoción dos novos grupos, a coordinación de xiras de bandas foráneas e galegas, a produción e edición discográfica. Foi un terreo preparado para que os 'francotiradores' campasen ás súas anchas.

Fálase moito da movida galega, pero realmente non callou. A súa repercusión foi fóra das nosas fronteiras e hoxe en día seguen sendo os grupos daquela xeración os únicos recoñecidos por moitos. Hoxe, ao talento dos artistas galegos hai que engadir unha maior cultura. Paralelamente, aparecen unha serie de asociacións co obxectivo de regularizar a profesión, gañar visibilidade e presentarse como colectivos en bloque para poñer en valor o sector diante das administracións. Así, existen Cluatura (asociación dos locais e salas), Amelga (músicos en lingua galega), AGEM (empresarios), Agamujazz (músicos de jazz), AGC (compositores), ASGAIM (intérpretes de música clásica) ou Agafono (fonografistas).


Ao tempo, existen iniciativas que dinamizan o directo. Hai circuitos oficiais, como a Rede Galega de Música Ao Vivo ou o Circuito 4x4, da Consellería de Cultura, ou Vai de Camiño, de Innovación e Industria a través do Xacobeo; e outros son de

iniciativa privada, como Son Estrella Galicia ou Gira Maketón Estrella Galicia, ou Galicia Escoita, de Heineken. O apoio aos novos talentos tamén se realiza con certames como o Nova Xove Music de Caixanova ou o Concurso Galego de Maquetas de 100 Pipers Music. Hai que engadir activida-

día Internet. Colectivos como Usmiko, Arkestra, Sinsal, A Regueifa ou ALG-A xa teñen un espazo no que facer comunidade. Dentro dos portais de información musical galega, temos propostas como maketon.com, desconcierto.com, laganzua.net, empuje.net, musgio.com, canedorock.com, sono-tone.net, basenderemetal.com ou abretedeorellas.com.

Tamén nos medios tradicionais aparecen programas e seccións máis ou menos consolidados, como 'Fugas' (*La Voz de Galicia*), 'Visado' (*Faro de Vigo*), 'É venres' (*Diario de Pontevedra*), *Estudio 3* (Radio Galega), *Maketón Estrella Galicia* (40 Principales Vigo), *A kanteira* (Radio ECCA Música), *Radio Oceánica* (Radio Galega Música) ou *Miraxes* (TVG). Proximamente a aparición de G2, a segunda canle de televisión autonómica, suma e segue no compromiso pola aposta e difusión da música galega, é dicir, feita en Galicia independentemente do estilo ou a lingua na que se faga.

Xa temos nivel cultural para profesionalizar nunha porcentaxe elevada a industria musical galega. Rapaces formados, con boas influencias e talento, os mellores estudos de gravación e produción do país, selos establecidos, salas e axencias de *management* profesionalizadas que nos garanten un futuro moi esperanzador. Agora é responsabilidade das institucións a análise e supervisión do que temos en marcha, para unha vertebración definitiva do novo negocio da música, da que dependen directamente unhas 25.000 persoas na nosa comunidade.



des como as de Cangas (Son de Cangas), A Coruña (Rock Marino) ou Vigo (Vigourbán e Castroconcerto), que fan posible que os grupos locais máis novos se suban a un escenario.

Aos medios tradicionais hai que sumar o gran potencial que nos ofrece hoxe en

SALVADOR GARCÍA CAL, 'SALVA RONKO', É DIRECTOR DE PROGRAMAS E EMISIÓNS DAS EMISORAS DA CADENA SER EN VIGO E RESPONSABLE DO PROXECTO MAKETÓN DOS 40 PRINCIPALES VIGO

A SALA



FOTOS: PAULA PIN

SALA CLAVICÉMBALO

Rúa Paxariños, 23 baixo

Lugo

Responsable: Alberto Grandío Valín

www.clavicembalo.com

“Chámome Alberto e son responsable deste maravilloso local desde hai xa nin me acordo cantos anos”, arranca Alberto Grandío Valín cando se lle pregunta polo Clavicémbalo, de Lugo, un dos locais clásicos do panorama da música en directo en Galicia. Non di toda a verdade, porque o certo é que si recorda con toda precisión datas, nomes e números: “O Clavi abriu hai 22 anos, e leva entre 1.375 e 1.400 actuacións. Xa son unhas cantas, non?”.

De certo que o son. Por esta histórica sala pasaron desde monstros do jazz como Tete Montoliú a cantantes de éxito como Pedro Guerra ou Lucrecia, sen esquecer a xente como Carmen París, Javier Ruibal, Javier Krahe, Jerry González, Dusminguet, Oleg Sharov e tantos outros. O Clavi, centrado nos seus primeiros tempos no jazz, abriuse moi pronto a outros estilos, e é difícil nomear un artista galego que non pisase as súas táboas. “Antes facíase moito jazz,

pero agora é máis difícil. Non hai axudas de ningún tipo. Parece que a iniciativa privada vai empezar a apoiar este tipo de música, esperemos que dure”, explica Grandío.

O Clavicémbalo é unha parada obrigatoria para os lucenses que gozan coa música, aínda que, para Grandío, Lugo sexa “unha praza difícil segundo todos os programadores. Coido que debería acudir máis público, xa que en xeral hai unha actividade de bo nivel, pero é difícil chegar á xente. Viña máis xente antes, pero hoxe temos Internet, máis oferta, máis viaxes, casas máis confortables...”.

Con todo, a aventura do Clavicémbalo, co seu piso de madeira, as súas dúcias de fotografías e os seus centos de vinilos acaparando as paredes continuarán: “É unha maneira de vivir”, explica Grandío, “e dá moitas satisfaccións, aínda que non sexan económicas. Cada día que hai concerto é un día diferente. Falas con xente diferente, escoitas opinións de todo tipo e ti expós as túas. É un foro continuo. Hai xente que gasta os cartos en cazar, en pescar, en moitas cousas. Eu gástoos no Clavi. E si, tes que estar un pouco tolo, senón sería imposible de soportar”.

O LOCAL DE ENSAIO



AS BANDAS NOVAS TOMAN SAN LÁZARO

Medio cento de grupos que van desde o tradicional ao rock, do punk ao metal ou o hip hop, dan forma ás súas creacións nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela. Os locais de ensaio santiagueses sorprenden, ademais de pola cantidade e variedade de músicas que nelles soan, polas actividades que desenvolven máis alá de prestar o seu espazo para a creación: desde esta instalación, situada no estadio de San Lázaro, promóvense concertos en salas da cidade nos que participan os seus integrantes, e ata teñen publicado un catálogo cos datos dos conxuntos.

Xestionada polo departamento de Mocidade do Concello de Santiago, a instalación conta nos seus 175 metros cadrados con dúas salas de ensaios equipadas con batería, amplificadores, caixas de voces e todo o necesario para enchufarse e tocar. Levan funcionando desde o curso 2004-2005, e entre as súas paredes paren cancións bandas como 3 Albatros, Jesucrito Supersaián, Morning Glory, Codename, As Krikas, Las niñas de Cluny, Pa La Peña, Soño Eterno, Brétema, Hyde...

REDE GALEGA DE LOCAIS DE ENSAIO: WWW.NSAIO.ORG



PRÓXIMA ESTACIÓN, **WOMEX**

Na súa busca de proxección exterior e de novos mercados, a industria musical galega ten unha importante cita no horizonte: entre o 29 de outubro e o 2 de novembro, Galicia estará presente no Womex (World Music Expo), en Sevilla, o maior mercado mundial de world music.

O Womex é un espazo de negocios, conferencias, concertos e, nesta edición, filmes sobre a música tradicional, étnica, folk e de raíz. A feira, organizada pola produtora alemá Piranha (que tamén desenvolve o Porto Musical), celebra este ano a súa novena edición. A cita carece de sede fixa, e desde 1999 estableceuse en diferentes cidades. A última delas foi Sevilla, onde se celebrou os últimos tres anos.

Durante os días que dura a convención danse cita os representantes institucionais de diferentes países, así como empresas musicais (discográficas, produtoras, distribuidoras) e especialistas (programadores, xornalistas, etc.) do sector. O goberno galego, a través da Consellaría de Cultura e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), estará presente este ano por vez



primeira cun 'stand' propio. Aínda que algunhas empresas galegas, como Nordesía, Zouma ou Sons Galiza, levan anos asistindo e mesmo con espazos propios, non houbo presenza institucional galega até 2006. No 2007 xa se asistiu institucionalmente, mais dentro da plataforma estatal Sounds from Spain. Nese ano o grupo encargado de representar a Galicia foi Marful, con notable éxito.

Desta volta, escoitando as demandas do sector musical galego, asumíuse o esforzo económico e organizativo de ir por primeira vez en solitario, cun 'stand' propio baixo a marca GALICIAANTUNES, creada hai dous anos para a proxección exterior da música galega. O obxectivo é facer máis visible a música e os artistas galegos. Para esta edición do 2008 está prevista a asistencia de

16 empresas do país (Nordesía, Abada, La Fábrica de Chocolate, Ouvirmos, Zouma, Berrogüetto Producións, Edicións do Cumio, Kamikaze, Falcatruda, Sul Producciones, Cávea Producciones, Pai Música, Mare, Nalgures, Lonxa Cultural e Batea), ademais de representantes da Consellaría e da AGADIC.

O 'stand' galego ofrecerá, entre outras actividades, unha conferencia sobre as ferramentas online que a Consellaría creou para a proxección exterior da cultura galega e da música en particular, e unha noite galega o sábado 1 de novembro na que actuarán Narf, Mutenrohi e Xosé Manuel Budiño.

A Consellaría porá a disposición das empresas o espazo institucional, cunha zona específica para manter reunións e

entrevistas de traballo. Ademais, ofrecerá un servizo de tradución (inglés e francés) para que os representantes das empresas non atopen ningún atranco nas súas negociacións. Do mesmo xeito está previsto o reparto do material promocional que se creará para a feira: unha caixiña con dous cedés, un de audio e outro de datos, onde a xente que se achegue ao 'stand' poderá atopar, por unha banda, unha selección de artistas galegos de World Music do momento e, por outro, unha escolma de contidos. Habrá tamén un agasallo VIP para todos os que amosen un especial interese na música galega.

taboleiro

SE QUERES QUE A TÚA FOTO APAREZA
NO TABOLEIRO DE AO VIVO MÚSICA,
ENVÍANOLA CUN PEQUENO COMENTARIO
A AGADIC@XUNTA.ES
(ASUNTO: TABOLEIRO AO VIVO)




ESEÑA, NA SALA
CONTRABAJO DE VIGO
EN XUÑO DE 2007




RENATO SPENCER,
NA FRAGUA DE
REDONDELA O 2 DE
FEBREIRO DE 2007



MOON CRESTA,
NO ZONA ZERO DE
CALDAS DE REIS



DÈTOUR, CABARET
JAZZ NA BORRIQUITA
DE BELEM (SANTIAGO
DE COMPOSTELA)



GUEZOS, NO PUB CLAN-
DESTINO DE A RAMALLOSA
(PONTEVEDRA) O 3 DE
MARZO DE 2007.



NADADORA, NO NÁUTICO
DE SAN VICENTE DO MAR,
O GROVE (FOTO: XABIER
PEREZ LOMBA)

www.musicaovivo.info

2008 SALAS GRUPOS


A FRAGUA A TUNA RASTAFARI
ACHE AGUARDIENTE SWING QUARTET
ATURUXO ALBERTO PÉREZ
BABEL ALEGALES
AURIENSE CAFÉ CULTURAL ÁLVARO MURAS
BADULAKE ÁLVARO VIEITO TRIO
BAR LICEUM ATAQUE ESCAMPE
BARANDA AVELAÑA

BORRIQUITA DE BELÉN BRUNO T. FORD
CAFÉ CULTURAL ROY XORDO BUKOWSKI BLUES TRIO?
CASA DAS CRECHAS CAPITÁN FURILO
CATRO CAMIÑOS CARLOS CHILDE TROUPE
CLANDESTINO CARLOS LÓPEZ QUARTET
CLAVICÉMBALO CARMEN DOR
CONTRABAJO COANHADEIRA
DISCO-SALA OGMIOS COLECTIVOORUGA
EL ÉNSANCHE COOL BEAT
EL OTRO CAIMÁN CORNELIUS

FORUM CELTICUM DÉTOUR
GARUFA DÍA DE FURIA
JAZZ FILLOA DIEGO MASSIMINI
JAZZ VIDES DISMAL
LA CASA DE ARRIBA DOCTOR HARAPOS
LA FÁBRICA DE CHOCOLATE DORIAN GRAY
LA GALERÍA EDU MANAZAS & WHISKEY TREN
LA IGUANA EL CUBO
MANTECA JAZZ ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS
MARRUCHO EMMA PLACER
MICOS FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK BROTHERS
NÁUTICO FEDERICO LECHNER TANGO&JAZZ TRÍO
O CON DO MOUCHO FERNANDO ESCLUSA

PLANETA GRASA
PUB D'ANTÓN ROCK CAFÉ GUSTAVO ALMEIDA & BRASILIAN NIGHT
PUB GATOS HEISSEL
PUB LEBLON HOLYWATER
PUB O MUÍÑO HOT3 SSS
SALA 600 IGLOO
SALA CLAN IVÁN & JOSITO
SALA KARMA JABÓN BLUE
SALA MOGAY JASO&BOO JAZZ PERFORMANCE
SALA RUN RUM JATO NEIRO JAZZ TRÍO
SALA SON JUGOPLASTIKA
SALÓN PARROQUIAL KIN GARCÍA TRÍO

SALÓN PARROQUIAL KIN GARCÍA TRÍO
VAGALUME CAFÉ CONCERTO KOGITO
VERBUM JAZZ LE PUNK
WOODSTOCK LOS CASANOVAS
ZONA ZERO LOS HIGH SIERRAS
MACHINA
MAMA BOOGIE
MARCOS MELÉNDREZ Y GASTON RODRÍGUEZ TANGO BAR
MIKI NERVIO & THE BLUESMAKERS
MITOCONDRIAS
MOONDOGS BLUES PARTY
MR. DIXIE JAZZ BAND
NIÑO Y PISTOLA
NORGE BATISTA
O LEO I ARREMECACHONA!
O SONORO MAXIN
PACÍFICO
PEPA E DAVIDE & MADAME CELL
RENATO SPENCER & CAFÉ CAXAGA
ROCKERS GO TO HELL
SAMUEL LEVÍ
SAX MACHINE
STEREOTIPOS
SUMRRÁ
SWEET OBLIVION BAND
SWINGPOOL
TANGATA
THE BLOWS
THE TURRE'S BAND
TON MARTÍNEZ-RISCO/JACOBO DE MIGUEL DÚO
TONHITO DE POI
TRANSILVANIANS
Ú-LO TRÍO?
VETUSTA MORLA
VOZES DA RÁDIO
WE ARE BALBOA
ZENZAR



Rede Galega de música ao vivo

PROGRAMACIÓN CARLOS
HUMBERTO DÍAZ PÉREZ

www.musicaovivo.info



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Axencia Galega das
Indústrias Culturais

clubtura
asociación galega de salas de música ao vivo